

RUMBO¹ a París



EDLG ≡ IES San Clemente ≡ Santiago de Compostela

Rumbo¹ a París

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
IES San Clemente, Santiago de Compostela



Título: Rumbo nº 1

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega - IES San Clemente
Rúa San Clemente s/n - 15705 Santiago de Compostela - Galiza - España
www.iessanclemente.net/plurilinguismo

Colabora: Departamento de Galego - IES San Clemente

Licenza: creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza
Debes atribuír as obras aos autores
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras

Website: www.iessanclemente.net/rumbo

Contacto: edlg@iessanclemente.net

Ilustracións:

Portada: Diego Vilar Beiras

Páxinas 10 e 30: Marcos Vence Ruibal

Páxinas 13 e 16: Uxía Loureiro Gómez

Páxinas 18 e 20: Carmen Sanz da Encarnación

Páxina 36: Jose Suárez Fernández

Deseño editorial: Marcos Vence Ruibal

Impreso en Galiza: Create - Santiago de Compostela

Primeira edición: Xuño 2016

ISSN: 2529-8798

Depósito Legal: C 809-2016

"Rumbo", a nova publicación do EDLG

Pretendemos recompilar e dar visibilidade a todo o material que ano tras ano xuntamos grazas aos concursos (literario, de postais e de marcapáxinas) e a partir deste curso, aos certames de micro relatos e micro vídeos.

Non só iso, todos os membros da comunidade educativa tedes a porta aberta para publicar os vosos textos, opinións, reflexións, imaxes e ilustracións, sen maior pretensión que a de ter unha lembranza de cada ano escolar no IES San Clemente.

Animádevos a participar!

Rumbo a París

París é sinónimo de modernidade. Evoca sofisticación, liberdade, amor, luz. É destino para amantes da pintura, da banda deseñada...

Para o EDLG ten outro significado: adicamos o primeiro número desta modesta publicación, que iniciamos con ilusión e humildade, á nosa compañeira Cristina París.

Camiñamos rumbo a París, cun *kindle* nunha man e un sachó na outra.

Índice

VI Concurso de Felicitacións de Aninovo.....	4
I Certame de Micro Relatos.....	6
I Certame de Micro Vídeos.....	23
XXIX Concurso Literario.....	24
VI Concurso Europeo de Marcapáxinas.....	34
Proxectos eTwinning.....	35
Presentacións.....	36

VI Concurso de Felicitacións de Aninovo



Adrián Rico Castro

1º premio

Cristian Rodríguez Blanco

2º premio



David Maceira Gómez


3º premio

tinyurl.com/felicitaciones-2016



Gabriel García Mosqueira

3º premio



I Certame de Micro Relatos

Vou ou non? - Afonso Pena Barreiro

O espello reflicte a imaxe dun home de mediana idade, coa face sucada por novas enrugas e cuberta ao redor da boca por unha espuma branca de arrecendo a eucalipto da Mariña. Na man sostén unha máquina de barbear de deseño clásico (o que hoxe se chama vintage), da cal caen pingas sobre a pía do lavabo cun son cerámico. A man parece tremer lixeiramente arriba e abaixo.

– Vou ou non? Se cadra el non está aló e teño que voltar avergoñado a fume de carozo... Non vou... E se está? Sería unha boa oportunidade para coñecer xente e saír da rutina cotiá, alén diso prometeu que iría...Vou...

Outra pinga que fai plof sobre o seco lavabo. Corre preguiceira até o desaugadoiro e fica parada no bordo, parece dubidar: baixo ou non?

– Onte dixó que quería que fose até a festa e insistiu moito, mesmo semellaba un pouco pesado. Porén, sempre está a ser educado e intenta ficar ben con todo o mundo. Seguro que mo dixó por mágoa, pois eu estaba afastado deles cando combinaron... Non vou... Mais despois de dicirmo pasou a súa man pola miña e fitoume aos ollos, aínda agora sinto un arreguizo no espiñazo ao pensalo... Vou... E se ao final non aparece e fico só, con quen podo falar se son todos uns requintados...? Non vou...

A pinga parece que vai caer mais continúa no bordo sen decidirse.

– Non teño nada que perder, hai que ser afouto... Vou.

A pinga cae no negro burato e desaparece.

O home remata de barbearse. Pon un elegante traxe gris escuro, sobrio pero sport, e uns modernos zapatos sen amallós. Unha última ollada ao espello. Perfecto. Cruza o salón e sae da casa. Unha vez fóra fica parado e pensa: Vou ou non?

Volve con nós - Verónica Belloso Martínez

– É que non me ves? Non recordas o que pasou?

– Como esquecelo, eu estaba alí. Mais non é no que penso cando te miro.

Son eu a que che pide que recordes, recorda coma foi a nosa vida e non a menospreces por un accidente.

Nós viviámolo, rememora o espello dourado que forma o mar nos atardeceres de inverno, ou o roce dos arroaces mentres esperabamos a serie tras a rompente, ou a vibración da táboa baixo os pés.

Así coñecémonos, ti eras monitor de surf co teu cabelo louro e os ollos abelá, gustábame todo de ti, coma a todas hei de dicir.

E aínda non sei por que me elixiches, pero alégrome que o fixeras, pois estes anos foron increíbles. Coa furo de praia en praia facendo irmáns de viaxe. E os nosos pequenos non creo que cambiasen a súa vida por ningunha outra.

Por suposto recordo aquel día, despois de tantas tormentas, ao fin unha xornada de ceos despexados con ondas pequenas pero ben formadas. Sabíamos que os fondos terían cambiado, pero non podíamos esperar que as tormentas tivesen arrastrado tanta area coma para deixar emerxer aquela roca. Tan preto da beira que caer sobre ela provocase isto.

Sei que é tráxico, pero preciso recuperar o meu marido, o seu sorriso incansable, a súa paciencia para aturarnos, a súa paixón e entrega en todo o que facía.

Aínda somos unha familia, e estamos a esperar o noso terceiro fillo, non permitas que non coñeza ó seu pai. Volve con nós.

Trasnos e feitizos no procesador - Antom Labranha

Un xornal daba a noticia: “A escritora Alegría Costas gañadora do premio Neira Vilas”. Ela, Leticia Costas, respondía no Facebook lamentándoo pois, como galega, séntese moi orgullosa de ter nome galego. Pouco despois o xornal explicaría que a mudanza do nome fora debida ao "procesador de textos". Non se pode, nestes avatares, deixar de lembrar aquel renxeante "Desván de los Monjes" que un Conselleiro de Cultura pronunciaba indolente fronte aos medios de comunicación. Referíase, claro está, a Sobrado dos Monxes, onde ese monumental mosteiro barroco afonda oa seus alicerces no medievo, cando a lingua nosa non tiña de quen nin porque abeirarse, cando esta longa noite de pedra -que diría Celso Emilio- aínda non comezara.

Entre andrómenas, os trasnos da informática brincan parodiando a comunicación contemporánea. Nunha destas aconteceu, na cerimonia dun casamento civil, que o oficiante, alcalde da cidade, enunciou con naturalidade “Casa Penedo” en troques de “Casa Pedro”, saga da que procedía unha das ramas familiares que converxían nese desposorio. Vaiteis! que estoutro erro do "procesador" non precisa ser desculpado: Non houbo, nesta ocasión, transubstanciación lingüística, xa que pedro, como vocábulo correspondente ao xénero masculino de pedra, ben pode ser popularizado na Galiza como penedo. Velaí a maxia do conto, velaí o feitizo.

Xustamente de Pedros e Penedos, falounos abondo aquel mestre da palabra que foi Cunqueiro. Mesmo nunha pasaxe de “Xentes de aquí e de acolá” chama Penedo de Alduxe ao seu amigo -real ou imaxinario- Pedro Anido.

O camiño está certo: revisen o texto despois de o procesar, pois as linguas non son códigos arbitrarios, senón a cerna do que nos define e dignifica como colectividade. Son arcas cheas de lembranzas e soños, naves sobranceiras que gañaron o presente sucando mares antigos e que agora deben voar, íntegras, nos ceos virtuais do Universo para sobreviviren no futuro.

Pegadas, só de ida - Manuel Barral Sánchez

Aanisa, axeonllada na area e sumida nunha dor infinita, tentaba atopar unha explicación que non existía.

Non houbo discusión, nunca había discusión. Faizel, o seu home, xa decidira que ela máis Muhsin, o fillo, embarcarían rumbo a Europa, a situación no seu País - En estado de guerra, con enfermidades que se espallaban sen remedio e fame que non era puntual - tornara imposíbel.

E a pesares de que Aanisa non concordaba (xa escoitara falar do perigosa que resultaba esa travesía máis da certeza de que unha Europa solidaria e acolledora xa ficara facía tempo no imaxinario de quen nunca estivera nela), acatou con resignación a determinación do seu marido.

Agora Aanisa non deixaba de ser unha creba humana depositada polo mar nesta praia de ningures. O Mediterráneo convertérase unha vez máis nunha trampa mortal. Aanisa loitaba por lembrar, pero todo era unha nebulosa, o delirio ocupaba espazos e só imaxes confusas e berros desgarradores, que batían con forza na cabeza, achegábanlle á memoria anacos do acontecido.

A imaxe desa figura axeonllada na area, descalza, case espida e chea de mancaduras era a dunha muller totalmente rota, porén, a preocupación e a dor de Aanisa non era física, era a mesma alma a que lle estouraba no peito. De súpeto, ergueu a cabeza e, como tola, comezou a chamar polo fillo: Muhsin! Muhsin...! Onde está o meu meniño? Teño que atopalo, teño que ir búscalo... si... claro... non podo abandonalo.

De xeito case inconsciente púxose en pé e, borboriñando o nome do rapaz, encamiñouse cara a auga, nos seus ollos asomaban tímidas bágoas, pequenas pingas salgadas que non tardaron en agradecer o encontro co mar.

Non o entendo, só hai pegadas de ida. Cavilaba un home que paseaba pola praia de ningures.

Quería ser pintor - Marcos Vence Ruibal

– En realidade quería ser pintor. Son escritor por economizar. Ti sabes canto custan os lenzos, os pigmentos, os pinceis...? Almacenar os cadros sen que se estraguen coa humidade (que aquí en Galiza, hai moita), embalalos, transportalos ás exposicións... O tempo que che leva pintar algo xeitoso e despois non dar vendido nada? Ai... E os escritores? Os escritores non gastan nada! Nada! E se van vendendo algo, todo é ganancia...

– Si, o que vostede diga. Son cen euros pola reparación do portátil. Os datos do disco duro non os puidemos recuperar, síntoo...



A volta - Manuel Mira Martínez

O médico entrou pola porta.

– Bos días, como estamos hoxe? estou facendo unha visita rápida pero despois virei a velo con máis calma Xosé...

Coa mesma, o doutor saíu sen dar tempo a devolver o saúdo. Xosé virou a cabeza e perdeu a mirada nas árbores que se vían do outro lado da fiestra, mentres, a súa mente - case o único san no seu corpo invadido pola metástase - voltaba á nenez, cando dende a súa cama vía os freixos do río.

Xosé, recordaba as mañás soleadas de verán cando, nada máis erguerse, corría á eira a ver onde andaban os pitos pequechos, ou mirar o xato amarelo que parecía ter a mesma gana de xogar ca el...recordaba os paseos a cabalo co avó para levar as vacas ó prado...ou a volta no carro, enriba da herba fresca.

Estas imaxes acariñaban a súa alma cansada, pero esvaeábanse ó retornar á memoria o día que deixaron a casa da aldea. Viñeron vivir á cidade, para un barrio humilde, cun lote de vivendas iguais - chamábanlle “as casas baratas” - sen horta nin prados, sen pitos nin xatos, sen o avó... Segundo dicía seu pai, aquí terían máis prosperidade e futuro.

Xosé, nun derradeiro esforzo, tentou comprender o sentido daquela fenda na súa infancia e na súa alma. Unha vida atada ó reloxo que lle marcaba a hora de marchar a traballar e a de volver á casa, que máis parecía unha máquina ca un ser vivo.

Coa distancia dos anos, Xosé non albiscara a felicidade da que lle falou o seu pai, e sentía a carraxe de caer nunha trampa - a do progreso - da que xamais puideron escapar.

Xosé deixou á súa memoria voltar ó avó, á horta, ós pitos, ó xato, á herba verde... só aquilo tivera sentido.

Agora Daniela - Patricia Gil Álvarez

A Daniela gústalle pasear. De feito desfrútao máis no inverno, cando case ten a exclusividade do paseo da praia. Non entende por que a xente prefire quedar na casa os días grises.

De pequena non lle gustaba o seu nome. Agora si. Agora está de moda. Unha amiga chamoulle Daniela á filla que acaba de ter. Porque Daniela acaba de cumprir os trinta, e con trinta xa se debe ter un fillo. Pero ela prefire durmir soa. Agás se é acompañada de Nuno, o seu can. Porque en xaneiro é de agradecer.

Nuno é adoptado e os seus pelos péganse a todo menos a el mesmo. Pero non lle importa. Xuntos comen os pasteis de noces de Lola, a veciña alegre e regordiña do lado, que adora a Daniela. Lola non ten familia e comparte casa cun gato da rúa que a abandona en canto atopa un prato de comida máis grande e co que Nuno non se leva nada ben.

Lola pinta os beizos cando baixa mercar o pan. Pero a Daniela négalle que iso teña algo que ver con que Xurxo, o panadeiro solteiro, lle regale só a Lola cada día, un doce coa forma dun corazón. A Daniela tamén lle gustan os agasallos, pero prefire ser ela quen os fai.

Bota en falla a seu tío. Recorda pouco del, só que desfrutaba voando papaventos. Co tempo Daniela caeu na conta de que desfrutaba máis ela observando voalos, irradiando felicidade. Daniela colecciona papaventos. Non sabe voalos. Será polos recordos.

Daniela garda tódolos recordos en caixas que recicla e decora con papeis bonitos. Gardalo todo non lle gusta nada nas mudanzas, pero os domingos si. Porque os domingos é cando pensa que o mundo xa é o suficientemente frío como para ter que desprendernos das cousas que nos dan calor.

Aquela porta - Alberto Pardal Noya

Baixou do coche, disposto a subir o pedregoso camiño. Pedra tras pedra, chanzo tras chanzo os recordos medraban e bulían coma o lixeiro vento daquel inhóspito lugar. Ao fin viuna, aquela porta, a mesma que maldiciu incontables veces e moitos anos tratou de ovidar... Tan vella agora como sempre, non parece que a xustiza do tempo pasase sobre ela, pois feita está dunha madeira máis forte que o metal, máis duro e máis lonxeva que a árbore máis vella. Moito se perdeu alí; na escuridade que ela garda, no mal que nela habita; naquela porta sen fondo e nas montañas que sobre ela se alzan perdeuno todo.

O tempo pasaba, a escuridade enguliu o val; de súpeto xurdiu coma da nada unha figura similar a dun home calquera. Unha luz brotou do chan ascendendo suavemente; a vermella chama perdeuse na inmesidade da escura noitebra, e detrás dela outra, e outra...

Escoitáronse sons, tremou a terra cal pasos de xigantes. Aquel non era un home calquera. Recoñeceuno, non sabía cando, nin como, nin tan sequera onde o viu; ata dubidou de que vira ese ser algunha vez... Pois, acaso tiña rostro?, acaso tiña vida? Ruídos na montaña, que por entre as vetas da vella porta se escoan... ferrollos, pasadores o unísono... A porta ábrese.



Aurora - Rocío Cores Veiras

Aurora foi a primeira persoa en ter os ollos azuis. Naceu nunha casa moi pobre, chea de supersticións sen fundamento, polo que os seus pais a abandonaron con tan só uns meses.

Un campesiño ía coa súa faena cando escoitou un queixume, moi agudo, así que decidiu achegarse ao valo de terróns que había a tan só uns metros. Alí atopábase ela, cos seus ollos grandes e ollar intenso. Dubidoso, colleuna nos brazos e levouna decontado xunta ao párroco.

Don Santiago, un párroco con moi boas influencias e que coñecía a toda a contorna, conseguiu que un nobre sen descendencia e honrado a acollese aos poucos días.

Pasaron os anos e os ollos azuis de Aurora eran coñecidos por infinidade de persoas que se achegaban á facenda tan só para poder velos. Certo día, o dixomedíxome chegou aos oídos do Rei que, polo seu grande interese, non tardou en iniciar unha longa viaxe para saber dela.

Cando o Rei coñeceu a Aurora, soubo ao instante que era digna de pertencer á realeza. Por iso a persuadiu para que se trasladase unha tempada á Casa Real aínda que ela non cedeu ao momento porque non marcharía sen ir acompañada do seu ben querido nobre.

Despois dun tempo convivindo no palacio real e por cousas do destino, o príncipe David e Aurora parecían entenderse e casaron.

Así foi como hai e haberá xente con ese ollar azul coma o ceo despexado do mes de xullo.

E xa chovera daquela - M^a Otilia Cespón Pérez

E xa chovera daquela... Non volvín máis mercar un paraugas... Foise cubrindo de brétemas a nosa lingua... todo se esmorece.

Choran os días de antes polos de agora polo revés de saber que estamos morrendo, os barullos dunha lingua fermosa onde van esvarando para despois ser esmagadas cos pés de xente con zapatos...

Xa chovera daquela cando alguén ergueu a súa voz para berrar que o idioma non se mataba nin se deixaba morrer... loita de loitadores...

E segue chovendo e berrando dende os cadaleitos aqueles que amaron o idioma, a terra e a cultura dun pobo... Somos alento no aire desta terra... a vida dos costumes que non se perden... somos un anaco do tempo que se racha polo gusto de rachar... imposible non ver máis que choiva, porque son as bágoas que, sen querer, varren cada sentimento para limpalo de tanto odio á nosa cultura, de vergonza (e non por parte de quen non a coñece), de deixala morrer polos que, nados na aldea, pensan que é vella porque agora levan traxe...

En coiros da alma están os rescoldos que van ser soterrados nas louzas do chan onde antes de cativo correstes... os amantes da estornela que xa non recordan a súa esencia de mil xogos inventados coma o dos tiratacos... dos que en xeral nos queren facer esquecer que viviron noutra vida dentro desta... as corredeiras onde se enchían os recunchos coa santa compañía... onde as lendas das meigas facían abrir os ollos tanto que nin se pestanexaba... os invernos nas lareiras queimando vuísas e leña de carballo... ardía a imaxinación daquelas noites escuras e sen luz... mais esa escuridade quere tornar para todos facendo do pasado un conto...

E sigo dicindo que xa chovera daquela... e sigo pensando, que o normativo é o que levo na alma, na que me prendeu na lingua no mesmo día que comecei a falar... Non volvín mercar un paraugas porque me chove do meu... e foise cubrindo de brétemas a nosa lingua... todo se esmorece...


Imaxinación derreante - Borja Rey Seoane

Esas foran as palabras exactas que a titora do parvulario empregara para definila fronte aos seus pais. É curioso que non escollera un adxectivo de uso máis común, algo coma “abraiante”, “portentoso” ou calquera outro dos que, decote, acompañan ao tal substantivo. O feito de que optara por algo que inducía á idea de cansazo, de esgotamento, era o xeito en que a propia Uxía empregaba esa tal imaxinación.

Onde outras cativas da súa idade xogaban ao té coas súas amigas imaxinarias, ela sentaba á mesa decidindo cal das dúas copas á súa fronte contiña o leite envelenado co que o seu inimigo imaxinario pretendía poñela a proba. Barbaloura, que tal era o seu nome, era un pirata armadanzas e cariteiro que acodía cada día á hora do recreo ao seu encontro para lle suscitar unha nova ordalía baixo o conto de que, de non superala, habíalle contar á xente toda onde agochaba os seus máis escuros segredos.

Segredos tales coma o paradoiro do seu prezado tesouro: moreas de libros de física, enxeñaría e matemáticas que fora obtendo das máis diversas fontes co gaio de, chegado o día, empregalos para a construción dunha nave espacial coa que levala a colonizar novos astros nos que sementar roseiras (e non baobabs), e así tornar o Universo nun lugar máis fermoso onde vivir.

Máis a súa mestra consideraba que deseñar foguetes no canto de recurtar flores, e idear trampas para piratas cando había que aprender a dar a hora eran “perdas de tempo” e, por iso, deu en chamar aos seus pais. E foron os seus pais quen, despois de escoitala atentamente e coa faciana ben seria, decatáronse de que, se cadra, as historias para durmir e os xogos estaban a funcionar mellor do que coidaban.



Eu e o meu - Uxía Loureiro Gómez

(Arquivo atopado xunto ao corpo)

A TI, MEU IRMANCIÑO QUERIDO:

A medida que avanzaba, a miña mente desenrolábase paralelamente, sen saber aínda ata onde podían chegar as miñas concepcións, aspiracións ou teorías universais nas que a miña intelixencia se daba un banquete coas múltiples loucuras que chegaba a imaxinar.

A pesar de todas as cousas boas que ía construíndo, tamén ían medrando partes de resentimento, de culpa, de medo e todas as miñas inseguridades se potenciaban por momentos cando me tropezaba, aunque fora unha mínima parvada. Por cada ínfima caída brotaban en min sentimentos que ata non hai moito, descoñecía. Nunca pensei que un sentimento se puidera apoderar dun de tal xeito.

(...)

Non sei ben o significado de depresión. Para cada persoa que a pasa é algo diferente; ás veces incluso con nome e apelidos. Dende que souben que me podía levar á morte, para min é unha palabra valeira.

É certo que é un kamikace innato, pero de non ser por ela seguiría cunha venda nos ollos e na boca.

Cando perdes a ilusión de vivir, de seguir adiante na procura dunha nova inspiración...

Ninguén sabe a verdadeira orixe dunha depresión, pero si o que supón, ou máis ben “fanse unha idea”.

A primeira vez puxen unha coitela no brazo, as bágoas non me deixaban ver o que quería facer.

Quedeime toda a tarde paralizada na miña cama. Non houbo segunda vez, ou, iso pensaba.

(...)



Tiña moi claro que non ía deixar que ninguén me vira chorar, pero non sei ben o por que... supoño que era como se me viran débil, a pesar de que máis ben é unha maneira de mostrar a miña humanidade...

Ou! Humanidade, doce? agonía? esperanzada?

(...)

Non fagas caso, aquí che deixo as miñas cousas, e agora tira a aprender algo novo.

Normas de cortesía - Carme Otero Cruz

– Mamá, mamá... que quere dicir ser un refuxiado? – preguntou Icíá, lambendo ansiosa o pouco chocolate que aínda ficaba entre os seus dedos.

– Eeeeh... vaites... veña filla, temos que apurar que marcha o autobús e despois quedamos, ti, sen escola e, eu, sen traballo. Por alí chega, corre! – berrou Noa, ao tempo que acenou ao condutor para que parase.

– Ummm... ser un refuxiado é como cando estamos na praia das Furnas e, de súpeto, comeza a chover e temos que agocharnos na cova da bruxa? – teimou Icíá, subindo dun chimpo ao urbano.

– Ufff... – rosmou Noa. – E ti onde escoitaches esa palabra, Icíá?

– Refuxiado? Pois na tele, cando acabaron Os Bolechas. Falaban dun neno que era refuxiado. Estaba deitado na area da praia.

– A ver, a ver como cho explico. É moi triste. Parecido ao que pasa agora no autobús. Acabamos de entrar e temos que ir de pé, non?

– Si, xa estou afeita ás curvas. Por iso non lle teño medo aos coches de choque das festas da Ascensión! – riu Icíá.

– Ben, pois pegado a esa xanela hai un cartel que di que é norma de cortesía deixar sentar ás persoas que máis o necesitan. Velliños, xente en cadeira de rodas ou mamás con meniñas coma ti. – voceou alto e claro Noa, sen frear o seu discurso. – Pois no mundo ocorre algo semellante. Hai xente que o pasa mal porque vai de pé e os que poden, os que gobernan, non fan nada para que poidan sentar. Onde está a nosa xentileza e educación?

Aínda Noa non tiña acabado a súa proclama, cando un rapaz se ergueu.

– Bo símil, señora. Xa pillei a indirecta.

– Mamá, mamá... que quere dicir "ser un símil"? – preguntou Icíá, tomando asento no seu novo mundo.

Medo - Cristina Teijido Pena

Desperteime, eran case as cinco, sentía dor nas costelas, o meu nariz manchara de sangue a almofada. Comecei a chorar, en silencio, sabía que se a despertaba volveríame pegar.

Levanteime moi amodo, sen facer ruidos, a porta da entrada estaba pechada. Dende alí vin a fiestra do veciño aberta, na terraza comunitaria. Abrín con coidado a fiestra do meu lado, salto sen pensalo dúas veces nun tellado de plástico e camiño enriba del ata chegar á miña saída, pero está moi alta. Miro atrás e véxoa, o medo apodérase de min, non sei como pero consigo chegar dun salto á saída. Atopo ás escuras a porta, por sorte as chaves están postas e saio correndo ás escaleiras. Sei que vén tras de min, soamente quero fuxir.



Inxustizas da vida - María Jesús Rodríguez Lastres

Como outro día calquera, eran as cinco do serán, cando estaba entrando pola porta do centro.

Era o tempo de lecer dende que remataban as clases, ata que subían aos seus fogares a realizar as tarefas do colexio. Nese tempo, xogaban no patio e aproveitaban para tomar a merenda.

Estaba todo máis ou menos tranquilo, cando de súpeto, algo chamou a miña atención.

Bruno permanecía nunha esquina do patio, pegado á parede, cargado cunha mochila ás costas, chea de libros e cuns zapatóns nos pés, que non tiñan cordóns e polo seu tamaño, ben podían ser dun xogador de baloncesto.

O pequeno levaba un tempo escapándose do que, ata o momento era a súa casa, pero non se escapaba por un motivo calquera, non, o que buscaba era un fogar, unha familia, alguén que o quixera, unha promesa que dende que era moi pequecho, lle fixeran e que non chegaba a cumprirse.

Bruno era un neno difícil, como o sería calquera de nós, se tiveramos que vivir a súa infancia. Era un cativo moi vivo, un rapaz autónomo, que o único que pretendía era sobrevivir a situacións complexas, nas que as solucións as tiña que buscar el mesmo, sen axuda de ninguén. Desgraciadamente a súa familia non se podía facer cargo del.

Quero pensar que esta triste historia foi unha desas que tiveron un final feliz, porque senón, caio no desánimo ao non ter capacidade para entender as inxustizas da vida.

Homenaxe - Valentín Bastón Lamas

Tódalas tardes á mesma hora, asomaba a súa cabeza pola fiestra chamando por min con toda a potencia da súa gorxa. Os seus berros pasaban por riba de tódolos ruídos que se mesturaban na praza da vila mentres nós xogabamos o partido de tódalas tardes.

A avoa enfadábase se tiña que chamar por min dúas veces. Só nunha ocasión houbo unha terceira e esa tarde non puideron rematar o partido, así que, tan pronto a sentía, pedía tempo morto e botaba a correr rúa arriba para chegar á casa canto antes.

Unha vez que chegaba, a merenda xa estaba pronta e eu dispoñíame a devoralala sen piedade.

– Non pensarás tocar o bocadillo con esas mans! Vainas lavar agora mesmo! E lava tamén esa cara, que parece que ves de sacar no esterco! – adoitaba exclamar ela.

A cada frase que dicía, berraba máis e máis. Non era enfado, senón que era o seu xeito de falar. Moitas veces, dábame vergoña que berrara dese xeito diante dos meus amigos, ademais de interromper sempre o noso partido no momento máis importante. Teño desexado moitas veces que esquecera chamarme para a merenda ou incluso que quedara sen voz.

Tras moitos anos fóra, volvíñ á aldea e atopei moitos daqueles amigos cos que compartía os partidos na nosa infancia. Lembramos xuntos as tardes de vitorias honrosas, derrotas amargas e liortas múltiples lembrando con morriña aqueles tempos nos que a inocencia e a despreocupación marcaban a nosa nenez.

Unha tarde de xullo, voltando á casa, sentei no cruceiro da praza. Recordei un partido xogado alí trinta anos atrás. Pechei os ollos e sentín ó lonxe unha potente voz que me chamaba. Aquela voz que tanta rabia me daba, souo como unha perfecta harmonía musical.

Nunca máis me volveron a chamar con aquela tenrura. Endexamais me voltaron preparar merenda.

I Certame de Micro Vídeos

No primeiro certame presentáronse vinte traballos, dos cales quince foron seleccionados e publicados nesta lista de YouTube:

tinyurl.com/certame-2016

A screenshot of a YouTube video player interface. The video frame shows a stone building with an arched entrance and a window. The video title is "I Certame de micro vídeos - Traballos seleccio...". Below the video frame, there is a list of selected works:

- 1 O Camiño (Equipo Normalización Lingua Galega)
- 2 Sentires galegos (Equipo Normalización Lingua Galega)
- 3 Teatro de Improvisto (Equipo Normalización Lingua Galega)
- 4 Escritores galegos (Equipo Normalización Lingua Galega)

The video player controls show a progress bar at 0:48 / 1:19. Below the video, the channel name "Equipo Normalización Lingua Galega" is visible, along with a "Subscriber" button showing 1 subscriber.

XXIX Concurso Literario

1º premio na modalidade de poesía

A voz da miña lingua - Uxía Loureiro Gómez

Miña terra misteriosa,
que che debo a vida e a devoción,
por idear nas túas entrañas,
a miña lingua con tanto amor.

Nesta terra misteriosa,
da que nos cremos os reis,
só por ter escrito nela,
dous mandatos e catro leis.

Ou! Pobre dela, que a queren mancar,
xa non saben que maquinar, por facela tropezar.

Que vos pasa meus irmáns!
Por que vos deixades enganar?
Se sempre fostes os máis sabios,
cando a situación había que mediar.

A lingua do noso cantar,
a nosa lingua nai,
pérfidos bandidos nola queren asoballar!

Espertade preguiceiros!
que nos queren amolar,
tratándonos de parvos e facéndonos enfadar.

Lingua enfeitizada,
que te conxuras ata en boca dos máis pequenos,
que nos fas sentir o que somos, galegos.
Só ti sabes manter os nosos folgos e esperanzas,
lembrándonos en cada casa, cal é a nosa raza.

Espíritos libres que vagades sen descanso,
Estrela de Orión que fas de faro en calquera fracaso,
que facedes esta terra tan misteriosa e especial,
facede amena a inxuria á que se ten que afrontar.

E a vós miñas testemuñas vos digo,
non vos fagades desprezar,
que o que hoxe é contrario ou rival,
mañá vos pode precisar,
e no canto de non lle axudar,
con vós se pode aliar.

2º premio na modalidade de poesía

Vento - Paula Usera Diz

Pasea o vento polas estradas vellas.
Grisas, caóticas, inundadas de pedra.
Non olla a ninguén,
segue o seu camiño.
Voltará cando queira.

Quen son eu para dicirlle ó ar
que vaia ou que veña,
que amaine ou que medre.
Se soio son un barco ferido,
unha nave penitente
que espera o vento soar.

Rola vento do norte,
rola no mar e na leira
que cando queiras rolar
voltarei chorando á terra.

1º premio na modalidade de relato

Un concerto, unha vida - Valentín Bastón Lamas

Aquela noite Manuel saíra pasmado do concerto. Cos ollos abertos como pratos, a melodía do último movemento da sinfonía número 40 de W.A. Mozart resoaba na súa testa sen cesar. Xamais asistira antes ó gran Teatro Municipal, e aínda que lle parecía interesante a idea de ir alí coa escola, o principal obxectivo era perder clase e enredar toda a mañá. Cun pouco de sorte, cando regresaran xa sería case a hora de marchar para a casa quedando só un día para a chegada do ansiado fin de semana.

Sen embargo, parecéralle a mellor excursión que fixera na súa vida; nin sequera, cando fora ós lagos de Covadonga cos seus pais, Manuel quedara tan abraiado, co que a Manuel lle gustaban a natureza e os animais!

Dende que entraron no teatro, todo lle pareceu coma unha película. Aquela luz tenue, eses adornos bordados en ouro que semellaban ser o salón do mesmísimo rei, até os sillóns co tapizado vermello lle parecían os máis cómodos nos que nunca sentara! A inmensidade da gran lámpada que colgaba do teito cubría gran parte do espazo superior da sala, e era sen dúbida a máis grande e luxosa que vira. Cada cousa, cada xesto, cada movemento parecíalle máis significativo que o anterior. Moitos dos seus compañeiros enredaban, e falábanlle, pero Manuel estaba a outra cousa, asimilando cada currunchito da sala principal do gran Teatro Municipal.

Ata que de repente viu entrar a gran orquestra polos dous lados do escenario. Tras un silencio sepulcral, un músico da orquestra emitiu un son que, a partir de ese día, sería o centro da súa vida; xa nunca volvería ser un son indiferente para Manuel. Tras afinar a orquestra, o director saíu a escena. Aquel home imponente de elegante chaqué que camiñaba con aquel paso marcial cara a tarima, semellaba ser o director máis importante do mundo. Seguro que tería dirixido ás mellores orquestras e tería dado concertos en tódalas capitais importantes de Europa e América. Todo iso deduciu Manuel só vendo o seu aspecto. Tras adicarlles ós rapaces o mellor dos seus sorrisos e explicarlles o programa de concerto, deulles as costas.

Todos estaban expectantes; o gran director levantou as súas mans e a orquestra emitiu un acorde longo e forte que case fixo levantar a Manuel do seu asento. A señorita Leticia mirouno sorríndolle; xa notara que Manuel estaba realmente impresionado por todo aquilo e deixou que desfrutara do concerto, case tanto

como desfrutaba ela de velo tan atento e entusiasmado.

Xa no autobús, de camiño á escola Manuel preguntoulle á mestra Leticia o nome daquel instrumento que non deixara de mirar nin un instante durante o concerto.

– De cal me falas Manuel?

– O longo negro e redondo – respostou el.

– Ah! Xa sei cal me dis. Refíreste ó clarinete, non si?

– Non! – replicou Manuel con moito ímpeto. – O clarinete xa sei cal é. Miña prima Sara tócao na banda. Xa sei como é un clarinete! E non é ese ó que me refiro. Ese que soa como a...coma se fose un pato!

– Entón Manuel, ti estásme falando do que deu a primeira nota antes de comezar a tocar a orquestra, non? Ese é o óboe!

A mestra Leticia riu un bo anaco cando Manuel comparou o son do óboe cun pato, pero pareceulle una comparación moi axeitada. Manuel quedouse co nome. Óboe. Iso é. E repetiuno varias veces para si mesmo durante a viaxe, para que non se lle esquecese. Ó-bo-e. Ó-bo-e.

– Eu quero tocar o Óboe! – díxolle aos seus pais mentres comían.

Os pais de Manuel miráronse desconcertados. Ningún dos dous sabía exactamente cal era o óboe, xa que non había moita tradición musical na súa familia. Ese serán, seu pai preguntaría no traballo a un dos seus compañeiros, que tiñan fillos na banda municipal, cal era o óboe e como era, mentres a súa nai, buscou por internet imaxes dun óboe e ata buscou un vídeo onde poder escoitalo.

Os pais pensaron que podería ser cousa do rapaz, e do recente da excursión e que como tantas outras cousas, se lle acabaría esquecendo. Equivocáronse.

Algo espertou no interior de Manuel aquel día, que xa nunca máis adormecería. El quería ser un daqueles homes traxados; el quería aguantar entre as súas mans aquel instrumento longo e sentilo coma se fose unha extremidade máis do seu corpo; el quería sentar naquela cadeira e cando o silencio fose sepulcral, dar a nota sobre a que toda a orquestra afinaría; el quería ser o primeiro ó que o director lle dese a man cando saíse a dar un concerto. E así, tantos pensamentos que se lle pasaron a Manuel pola cabeza. Pero todos eles levaban a unha conclusión; Manuel xa se decantara. Quería ser oboísta. E non un oboísta calquera. Quería ser o oboísta dunha prestixiosa orquestra!

E así é como comezou os seus estudos na escola municipal. Antón, o seu primeiro mestre, estaba encantado con Manuel e coa paixón e empeño que lle puña para aprender a tocar. Non tivo un grande comezo, entre outras cousas, porque os seus pais non puideron mercarlle un óboe para que practicase ata dous anos despois. Pero pouco a pouco, Manuel foi cursando os seus estudos musicais e rapidamente destacou.

Unha mestura de talento e un sacrificio fóra do normal para alguén da súa idade fixeron que Manuel acadara as máis altas cualificacións durante case toda a súa traxectoria e premio de honor de fin de estudos no conservatorio superior da Coruña. Tocou en tódalas grandes orquestras xoves nas que tivo oportunidade, tanto a nivel rexional como europeo, e cun papel moi destacado en todas elas.


Os anos foron pasando e Manuel xa era un músico consagrado ó que só lle faltaba dar o salto. Acceder a una orquestra profesional; o seu soño. Ata que se enterou de que o solista da orquestra de Amsterdam se xubilaría ese mesmo ano e abrían a vacante de óboe solista.

Manuel pasou meses preparando as probas, cunha media de nove horas diarias de estudo incesante, pero que pagou a pena, porque a todo o

mundo que lle preguntaba, afirmáballe que o día da proba fora o día que mellor tocara da súa vida.

E así foi, alí estaba Manuel, de solista na orquestra de Amsterdam, na que xa levaba máis de quince anos. Ademais, como pensara daquel director que vira o día da excursión, percorreu medio mundo participando coas mellores orquestras e sendo dirixido polas batutas máis prestixiosas do momento. O seu soño feito realidade.

Manuel era tremendamente crítico e esixente consigo mesmo e incluso non durmía ben se un concerto non lle fora como el quería. Pero un día, sucedeu algo imprevisto. Algo que xamais lle ocorrera, e non facía referencia a un simple erro ou equivocación. Nunha pasaxe rápida, Manuel sentiu como unha perda de sensibilidade nos dedos. As sensacións volveron a ser normais e non lle dou moita importancia, pero cando comezaron a ser demasiado frecuentes, comezou a preocuparse e acudiu ó médico.



Tras moitas probas médicas, decatábase de que cada vez tiña máis problemas para estar á altura no seu traballo, e iso podía con el. Veuse obrigado a rexeitar a participación con orquestras por temor deste problema. Algo non ía ben, e o peor, é que notaba que cada vez se incrementaban as súas sensacións sen que lle atoparan con exactitude o seu problema.

Tras unha multitude de probas, confirmáranlle o peor dos diagnósticos posibles. A Manuel detectáranlle esclerose múltiple crónica progresiva. Pasou noites sen durmir e ata tivo que coller a primeira baixa da súa vida para recuperarse daquel tremendo golpe psicolóxico. Pero repúxose, e prometeuse que loitaría con todas as súas forzas para defender o seu posto facendo o que máis lle gustaba e a súa verdadeira vocación, que era facer música tocando o óboe.

Tódolos alumnos de Manuel estaban encantados con el. Moitos tiñan ata acceso á súa casa sen o seu permiso. Eran como os seus fillos, e Manuel un pai para eles. Así lle gustaba que fose, porque así o trataran a el os seus profesores, algo polo que estaba tremendamente agradecido.

Pero entre os seus alumnos, destacaba Lucía, una rapaza que fora de Erasmus a Amsterdam para estudar con Manuel e que xa se quedaría alí a traballar con el. Lucía era a filla que Manuel nunca tivera e tratábaa como a máis especial das súas alumnas. Tamén era a máis consciente do seu problema de saúde e da súa dexeneración, e por iso o apoiaba todo o que podía axudándolle incluso nas tarefas domésticas.

Tras tres anos loitando, Manuel viuse na obriga de abandonar a orquestra. Decatárase de que xa non podía estar a altura da esixencia do seu posto. Esa tarde derrubouse ante Erick, o seu director e íntimo amigo, coñecedor e testemuña directa do seu problema. Os dous remataron abrazados e chorando como dous nenos, sabedores de que ese momento chegaría. A ilusión da súa vida e a súa razón de vivir chegara ó seu fin moito antes do previsto por mor desa enfermidade.

A súa vida desmoronábase e aínda que seguía sendo moi útil no seu labor docente, iso non enchía a súa vida. Manuel quería estar no escenario, e algo se apagou no seu interior aquel día, que xa nunca máis espertaría.

Xa non podería ser un daqueles homes traxados. Non podería aguantar entre a s súas mans aquel instrumento longo, e sentilo coma se fose unha extremidade máis do seu corpo; non podería nunca máis sentar naquela cadeira, e cando o silencio fose sepulcral, ser el quen dera o son sobre o que toda a orquestra afinaría; non volvería ser o primeiro ó que o director lle dese a man cando saíse a dar un concerto...

Transcorridos uns días, unha tarde Lucía chegou a casa de Manuel, para seguir tomando as súas leccións. Manuel estaba tendido sobre a cama, algo que ela xamais vira nos catro anos que levaba con el en Amsterdam. Os servizos de urxencia chegaron en pouco tempo e levárono ó hospital máis cercano. Lucía atopou una nota no atril que dicía:

Querida Lucía:

Espero que nunca chegues a sentir o baleiro que sentín eu o día que tiven que deixar de tocar. Hai dúas vidas na miña existencia. Unha antes do óboe, e outra despois. A terceira comezaba agora, pero non me vexo con forzas para afrontala. Sé ti o que eu tiven que deixar de ser a causa desta maldita enfermidade. Non coñezo a ninguén mellor para facelo.

Moita sorte, e ata sempre.

Manuel

As bágoas de Lucía fixeron escorrer a tinta da nota. Aquela mesma tarde, Manuel falecería no VUmc hospital de Amsterdam.

2º premio na modalidade de relato

O amor dun neno - Verónica Belloso Martínez

O domingo será o día dos namorados. Na escola de Nicolás as mestras puxeron de tarefa escribir unha carta de amor.

Os nenos, que só teñen seis anos, teñen que escribir os seus sentimentos de afecto por quen eles escollan.

Ao chegar a casa, e despois da merenda, Nico dille á súa cuidadora cales son os deberes do día, e de contado póñense mans a obra.

Escolle escribir sobre Pablo, o seu mellor amigo. Ao que lle agradece que sempre lle bote unha man para levantarse cando cae no patio, que comparta os seus xoguetes, que non o delate á mestra cando fan falcatruadas e que o faga rir de seguido.

Cando a súa avoa chega do traballo, corre emocionado a ensinarlle o bonita que lle quedara a carta. Ana María, ao ver a quen ía dirixida, pregúntalle, “e como non lle escribiches á túa nai?” Nico, abre os ollos, levanta as cellas e encóllese de ombreiros. Entón, explícalle que a súa nai se sentiría moi feliz de recibir unha carta así, e acordan que o día seguinte escribirá unha para ela.

O venres, cando sentou na mesa da cociña fronte ao papel en branco, Ana María lle preguntou, “que lle queres dicir a túa nai?” Tras pensalo un intre dixo: “Grazas polos xeados do domingo e os paseos polo parque.”

Un neno que tiña tantas palabras de cariño para un compañeiro, non podía dicir nada máis sobre a súa nai, e ninguén se sorprendeu.

E é que... Nico vivía coa súa avoa materna e só vía a súa nai un domingo de cada dous, o que non pasaba co seu pai. Eles tiverono de moi xoves e non souberon afrontar a responsabilidade.

Por sorte, Nicolás é alleo a todo o que acontece, e ao recibir todo cariño que precisa, é un neno feliz.


VI Concurso Europeo de Marcapáxinas

Este ano participaron tanto no concurso, como no proxecto eTwinning relacionado, cinco centros galegos e seis doutros lugares: Náxera (A Ríoxa), Londres (colexio do MECD), Aire-sur-l'Adour (Francia), Braga (Portugal), Carcare (Italia) e Lublin (Polonia).

Repartimos case 400 euros en premios e por primeira vez na breve historia do concurso, o gañador do primeiro premio foi un alumno do IES San Clemente, **Diego Vilar Beiras**.

Convidámosvos a visitar esta ligazón para coñecer os traballos premiados e os nomes dos seus autores e autoras:

tinyurl.com/marcapaxinas-2016



Proxectos eTwinning

Tanto o EDLG como o Departamento de Galego colaboraron en moitos dos proxectos eTwinning desenvolvidos durante o presente ano lectivo, por exemplo:

- Quinta edición de ***Pek, a Pulga Viaxeira***. Sétimo deste proxecto no que as linguas de traballo son, en igualdade de condicións: galego, francés, portugués, italiano, checo, español e inglés.
- Sexta edición de ***Christmas Card Exchange***, grazas ao cal as postais en galego do noso alumnado viaxan a centros de toda Europa.
- Sexta edición de ***Letras Galegas***, proxecto que conseguiu o Selo de Calidade eTwinning en Francia, Italia, Polonia e Portugal, que trata cada ano sobre a obra dun autor ou autora de Galiza.
- ***Dúas illas***, pertencente ao Plan Proxecta Paisaxe e Sustentabilidade. Un dos seus resultados é unha exposición *enREDada* en galego e grego.
- Edición do libro ***Proxectos eTwinning Galiza-Portugal*** en galego e portugués.

Podedes ampliar información sobre os proxectos eTwinning do IES San Clemente nesta ligazón:

www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning



Presentacións

Inauguramos esta etiqueta no sitio web para publicar dúas presentacións moi interesantes:

- Pioneiros da fotografía galega.
- As irmandades da fala.

www.iessanclemente.net/tag/presentacions_edlg



